

# Bases e categorías

13

#premiosdamúsica26



XIII Premios  
Martín Códax  
da Música '26



Premios  
Martín Códax  
da Música



Músicas  
ao Vivo

# Índice de contidos



<b>01</b>	<b>Que son?</b>	<b>03</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>· Facer rendible o potencial da nosa música</li><li>· Facer visible a todo un sector</li></ul>	
<b>02</b>	<b>Ata cando?</b>	<b>04</b>
<b>03</b>	<b>Quen pode inscribirse?</b>	<b>04</b>
<b>04</b>	<b>Categorías</b>	<b>05</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>· 15 Categorías musicais</li><li>· Artista emerxente</li><li>· Premios organistrum</li><li>· premio honorífico músicas ao vivo</li></ul>	
<b>05</b>	<b>Límites e incompatibilidades</b>	<b>06</b>
<b>06</b>	<b>Inscripción de candidaturas</b>	<b>07</b>
<b>07</b>	<b>Publicación de información</b>	<b>08</b>
<b>08</b>	<b>Calendario</b>	<b>09</b>
<b>09</b>	<b>Sistema de votacións</b>	<b>10</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>· 1ª fase</li><li>· 2ª fase</li></ul>	
<b>10</b>	<b>Organización</b>	<b>11</b>

# 01 Qué son ?

Os Premios Martín Códax da Música, organizados pola asociación Músicas ao Vivo, nacen en 2013 para visibilizar a creatividade musical de artistas e bandas de Galicia, e subliñar o potencial da música como sector estratéxico, desde o punto de vista social, cultural e económico. Ao longo destes trece anos de andaina, os Premios Martín Códax da Música levan actuado como ferramenta de impulso do talento musical e de voz para novos movementos que agroman no seo da comunidade artística. Recoñécense e mestúranse proxectos consagrados ou máis veteranos cos novos valores actuais. Son tamén ferramenta de reivindicación da cultura de proximidade para que bandas e artistas galegas sexan protagonistas nas programacións musicais do país.

Desde hai tres anos e coincidindo co arranque da segunda década de historia dos galardóns, as votacións abríronse ao público. O obxectivo é aumentar a participación efectiva no certame sen perder a lexitimidade que achega tanto o xurado profesional, na primeira fase de selección, como as compañeiras asociadas a Músicas ao Vivo cos seus votos.

Centos de proxectos preséntanse cada ano nas diferentes categorías dos Premios Martín Códax da Música convertendo a convocatoria nunha cita de referencia cultural e un punto de confluencia para as persoas que se dedican á música no noso país. Ao longo destes anos, os galardóns demostraron que a súa esencia vai moito máis alá dun exercicio de reafirmación que culmina na espectacular gala anual de entrega de premios. A relevancia destes premios reside na capacidade como elemento de cohesión e como plataforma para poñer en primeiro plano todo o traballo dun sector creativo e transformador como é o da música, apoiando e potenciando a súa dignificación e profesionalización.

## Facer rendible o potencial da nosa música

Músicas ao Vivo entende a música galega dun xeito aberto, universal e inclusivo, consciente do potencial da música galega para chegar a diversidade de públicos. Por esa razón, os principais obxectivos dos premios seguen sendo os fundacionais: recoñecer a creación, a diversidade e a calidade artística das producións musicais galegas, así como revelar novos talentos e achegar ao público a música e o seu proceso de produción. Nos últimos anos asistimos con grande interese e atención ao impulso que os públicos novos están dando á escena musical galega.


Cremos que debemos para facer máis rendible, non só economicamente senón tamén cunha visión social, a produción de música en Galicia. Desde Músicas ao Vivo apostamos polos Premios Martín Códax da Música como un medio para promover a creación musical non só dentro do país, senón tamén a nivel estatal e internacional, ampliando deste xeito a actividade económica deste sector no exterior.

## Os Premios Martín Códax da Música darán visibilidade á Música Galega.



Con carácter xeral, a todo un colectivo de creadores, a toda unha industria e a toda unha comunidade comprometida coa cultura musical galega; e de xeito particular, resaltando 3 proxectos concretos por cada unha das **15 categorías musicais**; 3 da categoría de **Artista Emerxente**, que pretende valorar a proxección e potencial de proxectos de nova creación; e os **3 Premios Organistrum**, que destacan anualmente unha **Sala**, un **Festival** e un **Espazo de Comunicación Musical**; ademais da mención honorífica a toda una carreira artística ou traxectoria profesional dedicada á música que teña sido un referente para o resto de músicos e músicas en Galicia.

En total, estes galardóns botarán luz sobre **48 proxectos musicais galegos actuais e en activo**, favorecendo a transcendencia mediática dos mesmos.




## 02

# Ata cando



O proceso de inscrición de proxectos estará aberto dende o **2** ao **22 de marzo do 2026**.



## 03

# Quen pode inscribirse ?

Entendemos por proxectos musicais galegos a artistas, grupos, solistas, espectáculos ou proxectos discográficos realizados en Galicia, ou fóra de Galicia por músicas ou músicos de orixe galega. En concreto, se o proxecto en cuestión **é de fóra de Galicia**, as persoas que o integren deberán ser maioritariamente de procedencia galega, ou **polo menos o 50% da mesma agrupación musical**. Excepcionalmente, e só para proxectos radicados fóra de Galicia, non será esixible o mínimo do 50% cando exista un liderado artístico galego claro e acreditable. Entenderase por liderado artístico a participación directa como música/o integrante do proxecto, asumindo funcións creativas ou interpretativas relevantes.

Poderán participar tamén grupos de fóra de Galicia, ben por cantaren en galego ou por interpretaren, na súa maior parte, música de raíz galega.

**A convocatoria vai dirixida a todos os proxectos musicais galegos vixentes e en activo no ano 2026**, agás os que xa foran premiados na anterior edición dos premios.

Non será requisito imprescindible ter editado traballo discográfico en 2025/26.

Con todo, a actividade artística acreditable será un dos criterios relevantes na valoración das candidaturas. O xurado poderá ter especialmente en conta edicións discográficas ou audiovisuais, concertos, traxectoria recente e continuidade do proxecto.

**A inscrición para acadar o nomeamento aos premios será libre e gratuíta.**



Os premios Martín Códax da Música van dirixidos ao colectivo en xeral de músicas e músicos de Galicia, polo tanto **non é necesario ser socia ou socio de Músicas ao Vivo** para optar a estes Premios.

# 04 Categorias

En total, convócanse  
**15 categorías musicais.**

## Proxecto destacado galego de...

# '26

- Pop e Indie
- Rock e Punk
- Blues, Funk e Soul
- Metal e Heavy

- Canción de Autor/a
- Músicas Urbanas
- Músicas do Mundo e Mestizaxe
- Electrónica

- Música Clásica e Contemporánea
- Jazz e Músicas Improvisadas
- Música Tradicional
- Música Folk

- Música Infantil
- Orquestras, Grupos e Música de Verbena
- Bandas de Música Popular

## Artista emerxente

Esta categoría extraordinaria presentada por primeira vez en 2022, pretende valorar a proxección e potencial das novas e novos artistas. A categoría Artista Emerxente céntrase na emerxencia da traxectoria artística das persoas participantes, non unicamente na recente creación dun proxecto.

Para optar a esta categoría, os proxectos destes artistas deberán inscribirse igualmente nalgunha das anteriores categorías musicais e cumprir ademais as seguintes características:

- Non levar en activo como artistas musicais máis de 3 anos (banda formada no 2023 ou posterior).
- Non ter editado máis de 1 disco (EP ou álbum) co proxecto que presentan ou noutros nos que participen.
- Non resultar ser un proxecto premiado nin finalista en edicións anteriores dos Premios.

*\*Deberán facer constar na inscrición a data de cando comezou o seu traballo como artistas musicais e a data do traballo que presentan*

## Premios Organistrum

O Organistrum é un instrumento do que temos constancia pola súa presenza no Pórtico da Gloria. É anterior mesmo ao propio trobador Martín Códax. Sabemos del que eran necesarias dúas persoas para facelo soar, debido ao seu mecanismo e gran tamaño.

Con esta imaxe queremos render recoñecemento aos cómplices imprescindibles dos músicos e músicas. Axentes presentes no noso sector musical, na nosa industria e no feito cultural mesmo:

- Salas
- Festivais
- Proxectos de comunicación e difusión musical

## Premio honorífico **Músicas ao Vivo**

En cada edición dos Premios Martín Códax da Música entregase un Premio Honorífico a un/unha música/o galega/o ou persoa vencellada directamente á música do país, que pola súa traxectoria e dedicación á música, constitúa un referente para as novas xeracións de músicas e músicos.



A Xunta Directiva fará pública a **escolla** do premiado ou premiada de cada edición segundo o acordado en **Asemblea Extraordinaria** de Músicas ao Vivo.

# 05

## Límites e incompatibilidades

Só se poderá inscribir o mesmo proxecto *nunha soa categoría musical.*

A inscrición nas categorías musicais será compatible coa inscrición na categoría extraordinaria (Artista Emerxente), sempre que se cumpran as condicións solicitadas para a mesma.




### Non poderán participar nestes Premios...

- Os proxectos que utilicen nas súas actuacións e/ou espectáculos playbacks, falsos directos, ou persoas de figuración simulando tocar instrumentos, así como aqueles proxectos con contidos ou actitudes discriminatorias, violentas ou denigrantes.

- Tampouco poderán participar nesta edición os proxectos que acadaran premio no 2024.

- Non será posible retirar o proxecto inscrito una vez comezadas as roldas de votacións.

- Aquela categoría na que non se inscriban un mínimo de 5 candidatos quedará anulada.





# 06

## Inscripcións de candidaturas

A Inscripción dos participantes será **libre e gratuíta**, e farase polos propios artistas, grupos, ou músicas/os integrantes do proxecto, representantes ou axencias de representación a través da web:

---

[www.premiosmartincodaxdamusica.gal](http://www.premiosmartincodaxdamusica.gal)

---

### Obrigatorio

O material e a información obligatoria que haberá que aportar é a seguinte:

- **1 imaxe**
- **1 breve descrición do proxecto**, en galego
- **2 audios** que deberán ser subidos á propia web en formato mp3 (máximo 10 mb por tema)
- **1 video** (En caso de resultar finalista, a ligazón ao video que se suba será o que se utilizará desde a organización para a elaboración dos videos promocionais dos finalistas, que se proxectarán na Gala para anunciar os proxectos nominados en cada categoría.)
- **Data** de inicio do proxecto

### Opcional

Tamén se poderá acompañar outros vídeos do proxecto vía Youtube ou Vimeo, así como os propios sites e webs ou redes sociais, ou máis fotografías.

## Premios Organistrum

As salas, festivais e espazos de comunicación musical terán que **subir un logo ou imaxe corporativa, un texto explicativo** e as **ligazóns que consideren oportunas**. Webs, videos, reseñas, etc. No caso das salas e dos festivais, ademais pedímoslles un mínimo de **3 fotos** e un máximo de **6**.



# 07

## Publicación *de información*

As bandas e artistas participantes autorizan a Músicas ao Vivo a publicar na web [www.premiosmartincodaxdamusica.gal](http://www.premiosmartincodaxdamusica.gal) ou nas páxinas web das súas entidades colaboradoras, aqueles arquivos de audio, vídeo e imaxes da súa propiedade que sexan necesarios para levar a cabo o proceso de votación e toda a promoción relacionada, sen dereito a contraprestación algunha, pero en todo caso conservando os dereitos de propiedade intelectual que tivesen sobre os mesmos.



A organización non se fai responsable dos erros ou omisións que puidesen conter os datos publicados na web e facilitados polas bandas e artistas participantes. Para corrixir aqueles erros ou omisións que puidesen detectarse na fase de inscrición, a reclamación poderá ser enviada á dirección de correo electrónico:

---

[soporte@premiosmartincodaxdamusica.gal](mailto:soporte@premiosmartincodaxdamusica.gal)

---



## febreiro

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4		6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	

## marzo

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31	...				

## abril

L	M	M	X	V	S	D
...	1	2	3	4	5	
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

## maio

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

 **Presentación en rolda de prensa**  
25 de febreiro de 2026

 **Prazo de Inscricións**  
Do 2 ao 22 de marzo de 2026

 **Votación do Xurado**  
Do 30 de marzo ao 24 de abril do 2026

 **Festa de Finalistas**  
6 de maio do 2026

 **Votacións socios/as e público**  
Do 7 ao 24 de maio 2026

 **Presentación da Gala en rolda de prensa no Concello de Pontevedra**  
22 de maio do 2026

 **Gala**  
27 de maio do 2026

# 09

## Sistemas de votacións

### 1ª Fase de votacións

A primeira fase de votación, onde se seleccionarán os 3 proxectos finalistas en cada categoría, delégase nun **xurado profesional** elixido pola directiva de Músicas ao Vivo e que se encargará de escoitar e puntuar todos os proxectos inscritos, para a continuación ponderar o seu voto nunha sesión conxunta coas demais persoas do xurado.

A composición do xurado será **secreta**, mesmo para os propios integrantes, e darase a coñecer unha vez rematada a fase de votacións.

- 1 representante do ámbito da formación musical
- 1 representante da industria musical
- 1 representante do ámbito da comunicación
- 2 músicas/os

O xurado será igualmente o encargado de decidir os 3 proxectos finalistas nas 15 categorías musicais, na de "Artista Emerxente" e nos premios "Organistrum".

### 2ª Fase de votacións

Nesta segunda fase seleccionárase o proxecto premiado de cada categoría entre os 3 finalistas escollidos polo xurado.

O proceso de votación estará **aberto ao voto do público** en todas as categorías. Éste poderase exercer a través da web [premiosmartincodaxdamusica.gal](http://premiosmartincodaxdamusica.gal), para o que o usuario deberá rexistrarse previamente.

Manterase tamén o **voto dos socios e socias** de Músicas ao Vivo, como en edicións anteriores.

Para que as votacións sexan válidas, haberá que votar a través dun sistema de puntos nun **mínimo de 5 categorías**. Haberá que validar a votación para que esta sexa efectiva e soamente se permitirá unha validación final de votacións por usuario.

O recuento final de votos farase en función dunha regra de baremación: o **50%** corresponderá á votación do público e o outro **50%** aos **votos dos socios e socias** de Músicas ao Vivo.

O obxectivo deste novo método de votación é abrir o proceso ao público xeral e aumentar a participación efectiva no certame, sen perder a lexitimidade que achega o voto das propias compañeiras asociadas.

# 10

## Organización

A Xunta Directiva de Músicas ao Vivo velará en todo momento polo cumprimento das presentes bases e resérvase o dereito de interpretación das mesmas. Será competencia da Xunta Directiva de Músicas ao Vivo supervisar o proceso necesario para exercer o dereito ao voto e asegurar a transparencia do proceso.

As presentes bases poden estar suxeitas a modificación.

Nese caso, informarase oportunamente a través da web:

---

[www.premiosmartincodaxdamusica.gal](http://www.premiosmartincodaxdamusica.gal)

---





# 13

## XIII Premios Martín Códax da Música '26

[www.premiosmartincodaxdamusica.gal](http://www.premiosmartincodaxdamusica.gal)



Premios  
Martín Códax  
da Música



Músicas  
ao Vivo